

NARRADOR: O sapo, sapo sapiño,

MIREIA

e a ra, a ra ranciña,  
 tiveron unha regueifa  
 metidiños na auga limpa.  
 A ranciña pelexaba  
 batendo coas súas patas,  
 e dicíalle o sapiño:

SAPIÑO: Ti es unha malcriada!

DANI

RANCIÑA: Sapiño, non che consinto

LARA

que me chames malcriada;  
 rematemos esta guerra,  
 cada un para a súa casa.

NARRADOR: Sabedes cal era a teima

IZAN

deste sapiño e da ra?  
 Pois que entrambos pretendían  
 ser donos da auguiña clara.

RÍO: Xa non aturo máis berros,

SAMU GALLARDO

ra e sapo, sapo e ra!  
 Esta auga non ten dono;  
 baixa de alá, da montaña,  
 e a fontíña da que nace  
 dálla a todos regalada.

NARRADOR: Rosmou isto o vello río

CARLOS

e puxo fin á liorta  
 do sapo, sapo sapeiro,  
 e da ra, da ra ranceira,  
 que metidiños na auga  
 armaron esa regueifa.

ELOY

Cantaba a fontiña,  
cantaba a fontela,  
e a auga pasaba  
falando con ela.

DANI

Cantaba a fontiña,  
cantaba a fontela,  
e as ras escoitaban  
saltando entre as pedras.

Cantaba a fontiña,  
cantaba a fontela,  
as aves durmían  
e soñaban ledas.

SAMU LÓPEZ

Cristina Montes



## Imos ao teatro

LITERATURA

As obras de teatro escríbense para seren representadas por actores e actrices diante dun público.

**I** Lede este fragmento teatral atendendo ás distintas voces:

**IZAN** *Xiana está durmida. Respirase a calma e a tranquilidade. De súpeto, entra o PAI, acende as luces, abre as persianas, non para de falar.*

**SAMU LÓPEZ** **PAI:** Arriba! Xa son horas.

**IZAN** *De repente ábrese o armario e sae o monstro.*

**CARLOS** **MONSTRO:** Psss, pssss, señor! Señooooor!

**SAMU LÓPEZ** **PAI:** Ahhhhhhhh!

**CARLOS** **MONSTRO:** Shhhhhhh, que vai espertar a pequena!

**SAMU LÓPEZ** **PAI:** Un ma... má... marrrciano.

**CARLOS** **MONSTRO:** Non señor, un marciano non, un monstro. Feo pero honrado. E permitame que lle diga un par de cousas. Sente aí.

**IZAN** *O pai obedece, aterrorizado.*

**DANI** **MONSTRO:** Primeira cousa: deixe descansar a Xiana, que bastante ten, a pobre, con tanto traballo.

*O pai asente.*

**DANI** **MONSTRO:** Moi ben. Segunda cousa: a pobre da rapaza non ten tempo para xogar, tanto ir dun lado para outro, e xogar é necesario. É o mellor para o corazón e o cerebro. Vostede hai moito que non xoga?

**LARA** *O pai non se atreve a contestar.*

**DANI** **MONSTRO:** Señor!, falo con vostede. Canto hai que non xoga?

**SAMU LÓPEZ** **PAI:** E... e... eu... po... po... pois...

**ELOY** **MONSTRO:** Debe ser hai moito tempo porque non dá falado. Pois xogue, señor, xogue, xa verá que ben o pasa. Lembra cando xogaba?

**LARA** *O pai asente outra vez.*



**ELOY** **MONSTRO:** Pois podería facer un esforzo e xogar coa pequena. Que lle custa? Aínda o vai pasar ben, e a cativa desafoga, queda relaxada, e botan uns risos. Non lle parece un bo plan?

**LARA** *O pai non fai máis que asentir.*

**SAMU GALLARDO** **MONSTRO:** Non mo di por compromiso?

**MIREIA** *O pai segue asentindo. Decátase do erro e nega coa cabeza.*

**SAMU GALLARDO** **MONSTRO:** Dáme a súa palabra?

**MIREIA** *O pai asente con erexia.*

**SAMU GALLARDO** **MONSTRO:** Moi ben. Daquela marchó.

**MIREIA** *O monstro dá media volta e o pai salaia, aliviado.*

Paula Carballeira: *Bos noites*, Edicións Xerais (adaptación).

Nas obras teatrais hai dous tipos de texto:

- Os **diálogos** entre os personaxes.
- As **anotacións**, que son instrucións que dá o autor sobre o decorado, como deben falar ou xesticular os personaxes, etc.

# A Cidade de Todo é Posible



**É** Don Inventos un sabio moi requetesabio que pasa o día (e gran parte da noite) inventando as cousas máis orixinais que poidades imaxinar.

DANI

A cidade onde vive Don Inventos chámase *A Cidade de Todo é Posible* e, como suporás, non é unha cidade como calquera.

DANI

Por exemplo, as casas están construídas sobre rodas, de xeito que os veciños poden trasladarse dun sitio a outro nun chiscar de ollos. Así, se alguén se farta de ver sempre o mesmo, pon en marcha a casa e colócaa onde máis lle guste.

SAMU GALLARDO

As rúas desta cidade tampouco son como as demais: en vez de estaren asfaltadas, están tapizadas de céspede, para que os nenos e as nenas poidan brincar ou xogar ás carreiras sen medo a ser pillados por un coche. Porque outra cousa que non vos contei é que as rúas pertencen, en exclusiva, aos peóns\*.

LARA

E por onde circulan entón os coches?, preguntaraste. Moi sinxelo: non circulan por ningures, porque non hai. Por iso non hai nin chisco de contaminación, nin se dan eses horribles atascos que lle fan perder a paciencia a un santo.

ELOY



E ti dirás: e como vai a xente dun lugar a outro? Pois... en burro. Si, si, entendiches ben: en burro! Cada veciño ten un burro á súa disposición para dar un paseño cando lle pete.

CARLOS

Pero estes burros non son burros normais. Certo é que teñen catro patas, dúas orellas e unha cola. E que, coma todos os burros, ornean e dan couces. Pero existe unha gran diferenza: estes, ademais de trotar... voan!

MIREIA

E non penses que voan porque teñen ás, non; deben a súa estraña facultade a unha prodixiosa apócema, de efectos sumamente rápidos; abonda con darlles catro culleriñas (unha por cada pata) para que... *zas!*, saian voando como se se tratase dun foguete. O curioso é que este elixir\* só funciona cos burros. Fixéronse probas con outros animais, pero non deron resultado.

SAMU LÓPEZ

Imaxinas o excitante e divertido que pode ser pasear polos aires ao lombo dun burro? Ao lado disto, o de voar nun avión non ten nin chisco de graza!

IZAN